XADRZ EDUCATIVO SOCIAL

4. XADREZ SOCIAL E EDUCATIVO

4.1. XADREZ SOCIAL

Axudar a transformar e mellorar a sociedade na que vivimos, foi un dos soños cos que naceu a EXP. É por isto que, accións sociais, chamamentos a solidariedade e educación en valores dos nosos cativos, son parte fundamental do ADN da nosa escola.

A maior simultánea da historia de Galicia, baixo o lema "non á guerra", recollidas de alimentos, protocolos de igualdade nas nosas competicións e escolas deportivas, levar o xadrez aos campos de refuxiados sirios ou os relatorios nos centros educativos, conforman o noso legado.

A continuación resumimos os proxectos e accións desenvolvidos no 2019.

4.1.1. PROXECTO "XADREZ: ESTRATEXIA POLA PAZ"

Entre os nosos últimos proxectos, hai un que eclipsa a todos eles, polo que representa, pola enerxía e entusiasmo co que o levamos a cabo e porque transformou as nosas propias vidas, "**Xadrez: Estratexia pola Paz**".

www.xadrezpontevedra.com

Unha acción social que nos levou por cuarto ano consecutivo aos **Campos de refuxiados sirios en Xordania**. Alí traballamos con **ACNUR**, centrados na poboación adulta, cun xadrez terapéutico que lles permite evadirse da súa cruenta realidade, e co obxectivo de humanizar un entorno especialmente duro. E con **UNICEF**, a entidade que se encarga da escolarización dos nenos e nenas menores de idade, na que introducimos o xadrez como ferramenta educativa.

Do 11 ao 23 de abril traballamos no **Campo de Azraq** en **Xordania**, e por primeira vez no **Campo de Zaatari**, o segundo campo de refuxiados máis grande no mundo. Inaugurado en xullo do 2012, chegou a acoller a preto de 200.000 refuxiados sirios.

Nenas e nenos sirios do Campo de Azraq

Voluntariado sirio colaborando nas actividades

Entrega de Manuais da EXP, Xadrez Iniciación 1 e 2 con tradución completa ao árabe.

Nenos e nenas desarraigados da súa terra e moitos sen familia, vítimas das nefastas consecuencias que producen as guerras, non coñecen outra lingua ca materna, por iso, levalos manuais totalmente traducidos, é brindarlles unha mellor calidade pedagóxica.



Xogos en Zaatari.

A gamificación como ferramenta didáctica. Un dos nosos obxectivos é promover a aprendizaxe en contornas dinámicas, atractivas e divertidas para os rapaces e rapazas.

Obradoiro de xadrez. Materiais de refugallo.

A recollida de tapóns de botellas de plástico foi unha das campañas previas feitas este ano coa colaboración dos pontevedreses.

Tapóns que o chegar aos campos se transforman en pezas de xadrez.

Tras completar os xogos cos adhesivos das pezas de xadrez, nenas e nenos gozaron facendo as súas primeiras xogadas.

Inclusión das personas con discapacidade. Invidentes

Entre os materiais de xadrez sempre temos un espazo reservado para os xogos para persoas invidentes. 4 anos levando uns taboleiros que tanta falla fan para a integración duns nenos e nenas cuxa discapacidade non lles permite participar en moitas das actividades con normalidade. Grazas a colaboración da **O.N.C.E.** puidemos levar tamén balóns de fútbol adaptados a ámbolos dous campos.

Concienciar e sensibilizar.

A segunda pata do proxecto é a dirixida a nosa propia sociedade, a sensibilización e concienciación, non podemos dar as costas nin deixar no esquecemento aos máis de 65 millóns de desprazados (dato do 2016) como consecuencia das guerras, persecucións e violación de dereitos humanos. Unha campaña na que damos prioridade aos relatorios nos centros educativos, cos rapaces e rapazas chamados a transformar un presente gris nun futuro esperanzador.

A implicación dos escolares e centros educativos é total, campañas coma a que fixeron no 2017, "**un lápiz, unha goma, unha cor, igual a un sorriso**", permitíronnos levar máis de 150 quilos de material escolar. No 2018 dirixiron o seu esforzo á elaboración de

taboleiros e xogos de xadrez, de cartón, tipo quebracabezas, de madeira, de cortiza, e incluso feitos con impresoras 3D. O presente ano engadimos cometas, “dianas de xadrez”, petos e outros xogos e materiais feitos coa ilusión e cariño dos máis pequenos.

Exposición “Xadrez: Estratexia pola Paz”

O 26 de maio presentamos no contexto do Xadrez na Rúa, a exposición Xadrez: Estratexia pola Paz. 16 paneis nos que se resume a experiencia do xadrez nos campos de refuxiados sirios de Azraq e Zaatari.

Dende a nosa orixe e en resposta ás solicitudes de pais e nais, máis ás dos propios centros educativos, interesados polo xadrez coma recurso educativo, iniciamos o programa de relatorios "**O xadrez, recurso educativo**".

Co desenvolvemento do proxecto solidario "**Xadrez: Estratexia pola Paz**", a temática social converteuse no eixo central dos relatorios, e as solicitudes de centros creceron de maneira exponencial. Na medida das nosas posibilidades, tentamos dar resposta a todos eles.

No 2019 algúns dos centros visitados foron o **CEP A Xunqueira II**, **CEIP San José** ou o **CEIP Mosteiro-Meis**.

Imaxes dos Centros Educativos visitados

Exposición instalada nun centro e charla posterior.

"Só a educación poderá transformar un presente gris nun futuro esperanzador"